



## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZAN AS TARIFAS DE INTERMEDIACIÓN PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE ADOPCIÓN INTERNACIONAL EN BURUNDI.**

Vista a solicitude de autorización para a ampliación complementaria da tarifa vixente no contrato de intermediación asinado polas familias solicitantes de adopción internacional en Burundi formulada pola ASOCIACIÓN PRO DEREITOS DA INFANCIA ADDIS (en diante, ADDIS GALICIA), e tendo en conta os seguintes

### **FEITOS**

1.- ADDIS GALICIA, entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia co nº E-4775, está habilitada para a intermediación na adopción internacional con Burundi en virtude de Resolución da Dirección Xeral de Familia, da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado do 18 de marzo de 2004.

2.- O importe dos custos vixentes para dita intermediación, foron aprobados por Resolución da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar do 24 de marzo de 2012, ascende a 10.965,49€, dos que 5.755,49 € corresponden a gastos indirectos e 5.210,00 € a gastos directos.

3.- Con data 16 de xaneiro de 2017 ADDIS GALICIA solicita a ampliación dos custos vixentes.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- De conformidade co previsto no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da

Consellería de Política Social, correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia e infancia, segundo o disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, entre elas a habilitación, o control, a inspección e a elaboración das directrices de actuación dos organismos acreditados para a adopción internacional no ámbito da Comunidade Autónoma.

2.- En virtude do disposto no artigo 105 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, é obriga dos organismos acreditados habilitados comunicarlle ao órgano competente da Comunidade Autónoma calquera modificación dos datos relevantes achegados coa solicitude de habilitación ou proxecto de actuación, co fin de que, se é o caso, esta lle outorgue a oportuna autorización á modificación de que se trate. Pola súa banda, o artigo 114 do mesmo decreto establece que deberán poñer en coñecemento do órgano competente as sucesivas actualizacións dos custos de tramitación.

3.- Mediante Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 21 de marzo de 2012 estableceuse o modelo oficial de contrato de intermediación en adopción internacional para a Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa disposición transitoria establécese que os organismos acreditados para a adopción internacional que se atopen habilitados pola Xunta de Galicia na data de entrada en vigor desta norma deberán presentar no prazo de 3 meses desde a súa entrada en vigor un modelo de contrato axustado ao establecido no anexo da norma. Ao dito modelo deberá xuntarse unha nova proposta de gastos acorde coa estrutura e contido do anexo I ao modelo de contrato, xunto coa documentación xustificativa dos importes de cada unha das partidas, que deberá ser autorizada pola Xunta de Galicia de acordo co disposto nos artigos 105.1.g) e 114 do Decreto 42/2000.



4.- Mediante Resolución de 4 de febreiro de 2014 da Dirección Xeral de Familia e Inclusión dáse conformidade ao contrato de intermediación coa ECAI ADDIS Galicia para a tramitación de expedientes de adopción internacional en Burundi mantendo as tarifas aprobadas mediante Resolución da Secretaría Xeral de Política Social de 24 de maio de 2012.

5.-O organismo acreditado para a adopción internacional (OAAI) ADDIS GALICIA, solicita a ampliación complementaria das tarifas vixentes baseada na maior duración e complexidade do procedemento de adopción. Esta maior complexidade supón que as tarifas vixentes sexan insuficientes para soste a estrutura básica que permita a continuidade na xestión dos procesos de adopción, sendo a presenza de OAAI obrigatoria para a tramitación da adopción en Burundi por imposición deste país.

Esta solicitude de ampliación realízase para a súa aplicación a unha estimación de 10 expedientes no presente ano 2017. Os expedientes afectados determinaranse seguindo a orde cronolóxica de presentación de ofrecementos para a adopción entre os que están pendentes de resolución dentro deste OAAI e sempre que exista unha aceptación das familias afectadas, de tal xeito que se aplicará a aquelas familias que voluntariamente desexen a continuidade do seu expediente con estas condicións.

En virtude do anterior,

**RESOLVO:**

1.- Autorizar a ampliación da compensación económica que poderá percibir ADDIS GALICIA dos solicitantes de adopción internacional pola intermediación con Burundi, de acordo coa seguinte distribución:

## **1. GASTOS INDIRECTOS: 6.341,56 €**

A) En España: 3.341,56€

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal: 2.480,00€
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 0,00€
3. Gastos de oficina, subministracións e outros: 623,46€
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 238,10€

b) Formación e adaptación: 0,00€

B) No país de orixe da ou do menor: 3.000,00€

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de representante e outro persoal do OAAI no país de orixe da ou do menor: 1.260,00 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina do OAAI: 0,00€
3. Gastos de oficina, subministracións e outros da oficina do OAAI: 1.300,00€
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 440,00€

b) Aportación a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país: 0€

## **2. GASTOS DIRECTOS: 440,00€**

A) En España: 0 €

1. Xestión de documentos:

2. Gastos de legalización e autenticación de dossier actualizado: 0€
3. Gastos de tradución actualización: 0€
4. Gastos de mensaxería e correos actualización: 0€
5. Taxas embaixada actualización: 0 €



B) No país de orixe da ou do menor: 440,00€

1. Xestión de documentos
2. Gastos derivados do rexistro do expediente no país
3. Gastos de legalización: 80,00 €
4. Gastos de tradución por actualización de expediente: 0€
5. Interpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción):
6. Mensaxería e correos
7. Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción (xudiciais e administrativos)
8. Visados e pasaporte da ou do menor: 230,00 €
9. Gastos médicos obrigatorios
10. Desprazamentos das persoas adoptadas no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción: 130,00 €
11. Axuda e manutención da ou do menor dende o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica



Asdo.: M<sup>a</sup> Amparo González Méndez

